

Apresentación

Neste nº 20 do Boletín, no apartado dedicado às actividades do noso Observatorio, damos conta das diferentes xestións realizadas perante os poderes públicos, unhas veces para instar os seus representantes a utilizaren as súas postestades institucionais respectando o principio de neutralidade en materia relixiosa, outras para determinar responsabilidades por non se ter dado aínda cumprimento à Disposición que obriga a transferir a asistencia sanitaria penitenciaria ao Servizo Galego de Saúde. Tamén informamos da asinatura do Manifesto pola Laicidade do Estado, entregado aos grupos do Parlamento galego, e dos pasos dados para esclarecer se a versión dos feitos ofrecida publicamente por Salvamento Marítimo no caso do naufraxio do arrasteiro Cordero se axustan à información de que dispuñan os seus responsáveis ou se estes mentiron para ocultar graves fallos no funcionamento do dispositivo.

En **Análises e Relatórios** publicamos unha documentada reflexión da profesora Pilar Allegue Agüete sobre o importante debate das posibilidades do pacifismo xurídico, centrada nun dos seus máximos representantes (Luigi Ferrajoli) e un dos seus críticos máis relevantes (Danilo Zolo). A seguir incluimos un esclarecedor exame da xustiza de menores en que Fernando Blanco examina as consecuencias da privatización dos centros de reclusión e a función real das medidas punitivas que se aplican aos menores.

No apartado de **Documentos**, reproducimos a *Recomendación 1720* do Consello de Europa sobre Educación e Relixión, documento de referencia en numerosas resolucións de tribunais europeos, así como a sipse da situación nos estados membros dese Consello e as propostas eleitorais de diversas formacións políticas referidas ao carácter (aconfesional/laico) do estado e às relacións deste con as diferentes igrejas.

En **Breves** recolleemos información sobre algunhas actuacións polémicas das forzas de seguranza do estado, unha reflexión sobre o elevado número de mortes que se producen nos cárceres galegos, un comentario sobre os varios recursos apresentados por dous axentes da Guarda Civil contra o que consideran vulneración do dereito à liberdade de culto e sobre a reclamación de plataformas civís e concellos navarros contra a expoliación de bens patrimoniais públicos por parte da diocese de Iruña. Tamén referimos as preocupantes conclusións do debate sobre acceso à información que obra en poder das institucións organizado pola Coalición Pro Acceso à Información Pública, as denuncias de Reprieve sobre a complicidade dos gobernos portugueses e españois nos vóos ilegais da CIA, o desenvolvemento das xornadas sobre prevención da tortura que tiveron lugar en Barcelona o pasado mes de Xaneiro e as conclusións da comisión internacional de xuristas que actuou como observadora no proceso do macro-sumario 18/98.

E S O T I E R I D A D E S

BOLETÍN Nº 20 esculca@esculca.net www.esculca.net aptdo correos 2112.36208 VIGO



ES CULCA

RELIXIÓN E INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

O pasado 28 de Decembro, o Presidente de Esculca, Fernando Martínez Randulfe, dirixiu-se aos responsábeis dos partidos que concorreron às pasadas eleccións xerais para os instar a proporen ao eleitorado a derogación dos acordos, convénios ou normas de dereito interno que poñen en causa o principio de aconfesionalidade do Estado español.

No seu escrito, o Presidente de EsCULcA tamén instava os partidos a adquiriren o compromiso público de os seus cargos iren exercer as súas potestades institucionais e responsabilidades públicas respectando ese principio, sen participaren portanto en actos ou manifestacións relixiosas en representación do Estado.

Posteriormente, o 8 de Febreiro, Martínez Randulfe publicou unha carta aberta dirixida a D. Emilio Pérez Touriño instando-o a non participar na súa condición de Presidente da Xunta de Galiza, nen directa nen delegadamente, no acto de consagración como bispo de Lugo do Sr. Carrasco Rouco, e insistindo mais unha vez na necesidade de os responsábeis políticos manterem un respecto escrupuloso ao principio de aconfesionalidade e neutralidade das institucións públicas que representan en relación con as diversas igrexas ou cultos existentes.

MANIFESTO POLA LAICIDADE DO ESTADO

Por outra parte, o 2º de Febreiro, a Coordinadora de Crentes Galegos, o Seminario Galego de Educación para a Paz, Xustiza e Sociedade e EsCULcA presentaron à prensa un *Manifesto pola Laicidade do Estado* cuxo obxectivo era “trasladar ás distintas forzas políticas que concorren ás eleccións xerais do 9 de marzo, e ao conxunto da cidadanía esta iniciativa, que pretende avanzar cara a un auténtico Estado non confesional, laico, homologábel a todos os efectos cos países da Unión Europea da que formamos parte, tal e como establece -de xeito explícito- a Constitución Española de 1.978.”

O texto, para o cal solicitaron apoios en actos públicos na Praza do Toral de Compostela, foi posteriormente entregado aos grupos do Parlamento galego, acompañado de un elevado número de asinaturas.

SANIDADE PENITENCIÁRIA

Como xa informamos no Boletín nº 19 (páx.2), o pasado 5 de Novembro EsCULcA recibiu resposta negativa da Consellaría de Sanidade da Xunta à súa solicitude de entrevista para tratar o problema da asunción polo Servizo Galego de Saúde da atención primaria intra-penitenciaria e dar así cumprimento ao establecido na Disposición Adicional 6ª da Lei de Coesión do Sistema Nacional de Saúde, en vigor desde Maio de 2003.

No sua negativa, a consellaría alegava non existiren “novas ao respecto”, precisando no entanto que o proceso “leva mais dun ano en discusión entre o Goberno de España e os das Comunidades”. Negativa que o 21.XII.2007 levou o Presidente de EsCULcA a reclamar aos responsábeis políticos da Xunta e o Goberno de España, ao amparo do dereito de petición e do art. 29 da Constitución española, a adopción das medidas conducentes ao cumprimento da citada norma.

Pois ben, o pasado 4 de Febreiro, Jorge Serrano Martínez, Director do Gabinete da Ministra, contestou a este escrito afirmando que, apesar de os ministerios afectados teren “dado os pasos para iniciar a fase de negociación bilateral con cada unha das comunidades autónomas que manifestase o seu interese en negociar o correspondente traspaso, apenas unha comunidade respondeu positivamente o pasado ano”, e acrescentando que, apesar de teren reiterado a oferta despois das eleccións de Maio de 2007, até o momento non houvo “resposta algunha”.

Se é verdade o que afirma o representante do Ministerio de Administracións Públicas, as razóns alegadas pola Consellaría de Sanidade para xustificar a súa negativa non só serían falsas senón que poderían responder a unha tentativa de ocultar a falta de vontade dos responsábeis políticos desa Consellaría de cumprir o que establece a norma.

Lembremos que o prazo de 18 meses previsto para concluir o traspaso acabou hai xa mais de tres anos, en Decembro de 2007.

ARRASTEIRO CORDERO

As reiteradas denuncias dos patróns dos sete pesqueiros que participaron no rescate do arrasteiro Cordero -no sentido de os meios empregados polos organismos responsábeis do operativo de salvamento apresentaren graves deficiencias e a información ofrecida sobre as condicións meteorolóxicas en que se produciu o accidente non se axustar a verdade-, as declaracións do ex-piloto de Helimer -Esteban de Diego- confirmando as deficientes prestacións do helicóptero que participou no operativo, as manifestacións feitas no Parlamento polo Director Xeral de Recursos Mariños da Xunta -Antonio García Elorriaga- e as contradicións da propia Consellería de Pesca e do Ministerio de Fomento, así como os numerosos indicios que contrarian a versión oficial dos feitos, apuntan non só a graves negligencias dos responsábeis do salvamento marítimo, senón tamén a unha tentativa dos representantes do

ANÁLISE E RELATORÍOS

PACIFISMO XURÍDICO

Pilar Allegue

O debate sobre a pertinencia da posibilidade ou non dun pacifismo xurídico é hoxe de suma importancia, porque vivemos nun mundo globalizado en que a guerra é utilizada polas grandes potencias –apesar da súa prohibición na Carta Fundacional da ONU- como sanción e instrumento cruel, agresivo e irracional nas relacións internacionais, cuxo uso se xustifica recorrendo a antigos conceptos antitéticos, contraditorios, como “guerra preventiva”, “guerra xusta”, “guerra humanitaria” ou “guerra ética”, “guerra contra o eixo do mal e o terrorismo”, cualificando así falsamente o que son guerras de agresión que mascaran os intereses xeopolíticos ou económicos dos EUA e os seus aliados.

Estas guerras cuestionan a razón xurídica en si mesma, porque esta só reconece culpábeis ou inocentes e, na súa destrución, as guerras actúan contra vítimas inocentes, contra civís que non son culpábeis, a non ser que se xulguen como tais por non seren capaces de librar-se dun rexime tiránico.

Ministerio de Fomento e da Consellería de Pesca de ocultar información à opinión pública.

Con o fin de determinar se a versión ofrecida polos organismos responsábeis se axusta ou non à información que estes tiñan no seu poder no momento de producir-se o naufraxio e a posterior tentativa de rescate ou se, efectivamente, foi vulnerado o dereito da sociedade à recibir información veraz, recoñecido na Constitución Española, o Presidente de EsCULca, Fernando Martínez Randulfe, en nome e representación do noso Observatorio, solicitou o pasado 15 de Febreiro aos organismos correspondentes –Dirección Xeral da Marina Mercante (Ministerio de Fomento) e Sociedade de Salvamento e Seguranza Marítima (SASEMAR)- un total de 9 expedientes que forman parte da documentación relativa ao naufraxio. O obxectivo de EsCULca é examinar esta documentación para poderemos valorar a actuación dos responsábeis políticos e actuarmos en consecuencia.



É, pois, o pacifismo xurídico a solución? A extensión deste traballo non permite tratar todos os representantes do chamado globalismo ou pacifismo xurídico. Centraremos pois en dous: Luigi Ferrajoli, destacado representante desta corrente, e un dos seus máis relevantes críticos, Danilo Zolo, que se define como realista xurídico.

LUIGI FERRAJOLI

Unha das teses centrais de Luigi Ferrajoli é a da constitucionalización do dereito internacional. O dereito internacional non só debe recoñecer principios e dereitos –hoxe recollidos na Carta da ONU- senón que debe tamén, e sobretudo, garanti-los como dereito positivo, recoñecendo o seu carácter supraestatal e obrigando, en sede internacional, “a prever as salvaguardas idóneas para os garantir”.

Para isto, Ferrajoli fai catro propostas concretas:

- Elaborar un código penal internacional que castigue os crimes contra a humanidade;
- Reformar a actual xurisdición internacional, establecendo a súa obrigatoriedade e competencia sobre a responsabilidade dos estados e os seus gobernantes;

- Tutelar como obrigacións internacionais os dereitos sociais mesmo nos países pobres;
- Desarmar progresivamente os estados membros da ONU, atribuindo o monopólio da forza legal a organismos representativos democráticos.

Os dereitos fundamentais son límites e vínculos (substanciais) do poder político ao se transformaren en dereito pola súa integración nas constituicións ríxidas, e a súa constitucionalidade é a garantía que obriga a contemplar a “racionalidade formal” e tamén a “racionalidade material”, afirma o xurista italiano.

De forma análoga ao que sucede con as constituicións estatais, o dereito internacional debe ser chave de interpretación e fonte de crítica e deslexitimación do existente; e, por outra banda, debe proxectar formas institucionais, garantías xurídicas e estratexias políticas para poder realizar eses dereitos. Da mesma forma que o modelo garantista estatal desde a transformación da validez xurídica en formal e substancial afecta à dimensión substancial da democracia ao refundar-se sobre a igualdade, tamén este modelo constitucional mundial de dereito, dada a situación de precariedade internacional en que vivemos, é unha necesidade.

Urxe que un novo dereito internacional protagonice a integración mundial presidida polo dereito como negación da guerra. Para Ferrajoli a Carta da ONU subscreve un *pactum subiectionis* que proíbe a guerra e transforma as relacións internacionais -desde un sistema de pactos de relacións bilaterais entre estados- nun verdadeiro ordenamento xurídico superestatal, superando unha liberdade selvaxe propia do estado de natureza hobbesiano que se proxecta no uso da guerra entre os estados nacionais. A guerra, afirma Ferrajoli, é a negación do dereito e dos dereitos. A cualificación da guerra como “inevitábel” é unha irracional incongruencia. É unha antinomia porque o dereito é garantía, garantía dos dereitos, comezando polo dereito à vida, e a guerra é destrución.

No último apartado do seu libro *Razóns Xurídicas do Pacifismo. É posíbel unha democracia sen estado?* (“Por una esfera pública global”) Ferrajoli resume o que para el son esixencias irrenunciáveis para alcanzar a paz, creando ou recriando non tanto “institucións de goberno” como “institucións de garantías”, que tutelen os dereitos e a paz.

A primeira atende à paz como resultado do desarmamento xeneralizado, desde o monopólio internacional da forza e a prohibición de produción, comercio e posesión de armas, tese non tan utópica se consideramos o referendo brasileiro e o Estatuto do Desarmamento de 2004 e os seus positivos resultados, realizado por Lula.

Sería necesario crear a policía internacional prevista na Carta da ONU e facer operativo perante o Tribunal Penal Internacional a condena efectiva da chamada “guerra de agresión” do artigo 2.d.

A segunda cuestión é a tutela dos dereitos humanos reforzando ou creando, como dixemos, institucións internacionais de garantía. Como innovación recolle Ferrajoli a implantación dun “sistema fiscal mundial” –nesta dirección está a taxa Tobin, defendida polos chamados “movimentos anti-globalización”. A rehabilitación e reforma da ONU é un obxectivo que alicerza en razóns morais, xurídicas e políticas. A constitucionalización do dereito internacional e a consecuente extensión do paradigma do Estado constitucional de dereito às relacións internacionais conducen, afirma Ferrajoli, à construción da esfera pública mundial como requisito da paz.

DANILO ZOLO ¹

Ao longo da súa importante obra, Zolo autodefine-se como realista. Nas súas obras *I signore della pace...* (1998) e *Cosmópolis* (1997) realiza unha crítica rigorosa do iusglobalismo, cuestionando as súas principais teses, e defende unha vía alternativa “cara a un pacifismo débil”. Crítica o paradigma da constituición política do mundo, a única ferramenta capaz –para os ius globalistas- de instaurar unha orde mundial xusta e unha paz estável e universal, garantidas por unha hierarquía de poder supranacional, unha lexislación universal (inspirada na ética xudeocristiá) e unha xurisdición penal obrigatoria.

Para Zolo, dous son os aspectos importantes a denunciar: en primeiro lugar, a concepción racionalista e normativista do dereito, que carece de garantías na práctica; en segundo lugar, o prexuízo etnocéntrico que tenta unificar o mundo através do dereito e é indiferente às tradicións culturais, políticas e xurídicas do mundo non occidental.

Zolo rexeita tanto a premisa filosófica Kantiana da unidade moral do xénero humano como a articulación Kelseniana da unidade e obxectividade do ordenamento xurídico e a primacía do dereito internacional. No plano normativo, o universalismo de Kant esixe unha globalización do dereito, e no ámbito da política internacional significará o reforzamento e extensión das institucións internacionais como a ONU. Realiza-se portanto unha analoxía entre a centralización xurídica dos Estados nacionais e a que debe dar-se nunha autoridade supranacional para que o mundo sexa pacífico, e analogamente relacionan-se “sociedade civil” e “sociedade mundial”



¹ O Profesor Danilo Zolo participará no Curso de Verao Liberdade relixiosa e sociedade contemporánea que o noso Observatório prepara en colaboración con a Universidade de Santiago de Compostela para os días 16-18 de Setembro 2008.

A perspectiva realista de Zolo cuestiona ambas as premisas do iusglobalismo:

- a. A visión idealizada da xustiza internacional, produto dunha concepción racionalista e normativista do dereito que subestima as relacións complexas entre dereito e procesos culturais e económicos e que atribuí un poder excesivo à xustiza supranacional, tan afastada dos contextos culturais e económicos dos suxeitos xulgados.
- b. O prexuízo etnocéntrico, representado sobre todo na doutrina dos Dereitos Humanos “universais” para Occidente.

A súa proposta, aínda admitindo o triunfo do pacifismo xurídico global, comeza con recomendacións que aconsellan “prudencia ante a realización efectiva do proxecto cosmopolita e o posíbel desmantelamento do sistema westfaliano de estados soberanos”, e obriga a ter en conta o desenvolvemento desigual favorecido pola globalización económica. Tamén denuncia outro factor de non menor importancia no proxecto cosmopolita: o terrorismo internacional, que é resposta à concentración de intereses do poder internacional das grandes potencias. Contodo, para Zolo, apesar das aspiracións cosmopolitas do iusglobalismo, este acha-se ancorado na vella Europa e no iusnaturalismo clásico-cristián idealista que propugna a *civitas maxima* e se fundamenta na natureza moral do home e na súa unidade moral.

Segundo Zolo, a “orde política mínima” debe basearse nunha “rexionalización policéntrica” do dereito internacional, fronte à hierarquización monista, que respeite as diferenzas culturais, políticas e xurídicas. Un “dereito internacional mínimo” ten que lutar “por unha coordinación xurídica e unha colaboración política estreita dos suxeitos políticos internacionais” e manter separada desta tese “a idea de que a concentración do poder en órganos supranacionais sexa válida para os problemas que produce a globalización”.

XUSTIZA DE MENORES: FILOSOFIA REPRESIVA

Fernando Blanco Arce

Cada grémio ten as súas eivas e o das xentes que traballan a cotío con o dereito non podía ser unha excepción. Unha das máis notábeis é a súa (a nosa) escasa visión sociolóxica dos problemas colectivos, en virtude da cal continuamos asumindo, acrílicos e felices, categorías xurídico-abstractas que actúan con un alto valor simbólico para agachar as auténticas finalidades da norma. Os xuristas somos un tanto lerdos en abandonar aquelas categorías formais que actúan como auténtico “soma” e nos fan esquecer o laboratorio onde esas categorías se aplican. Unha desas pílulas de soma é o mito da prevalencia do

principio de re-educación do menor na (mal) chamada Xustiza de Menores.

E entón chegou Rajoy e *mandó a parar*.



EDUCACIÓN OU CASTIGO?

Na etapa de mercadeo electoral que nos abafou, unha proposta sen máscara como a feita por Mariano Rajoy, de rebaixar a idade de aplicación da Lei do Menor dos 14 aos 12 anos, debería facer-nos reflectir sobre esa formosa categoría da prevalencia da reinserción do menor submetido à xustiza penal e debería servir-nos tamén de vacina contra a confianza cega que depositamos nela.

Claro que, antes dos delirios eleitorais, había xa indicios suficientes que puideron, e deberon, ter actuado de despertador para cidadáns confiados.

No mundo xurídico-formal, aos menores con idades comprendidas entre os 14 e os 18 anos que cometen un acto etiquetado no Código Penal como delito aplica-se-lles a Lei de Responsabilidade Penal do Menor. Esta lei, calificada por moitos como satánico enxendro progre, prevé un procedemento xudicial perante unha xurisdición especializada que culmina, via de regra, con a imposición das chamadas medidas de reforma, medidas cuxa finalidade ten teoricamente valor sancionador-educativo. Así se manifesta na exposición de motivos da Lei, que califica o procedemento e as medidas como de natureza formalmente penal mais materialmente sancionadora-educativa (mistura decerto complicada), facendo alarde dunha filosofía benéfica que supostamente debería inspirar tamén as medidas cautelares, isto é, aquelas que son de aplicación a menores imputados por un delito mais aínda non xulgados (o trasunto da prisión provisoria dos adultos).

Claro que do dito ao feito vai un bon treito. Os centros educativos en que se interna os menores, nomeadamente os de rexime fechado, non son na práctica outra cousa que cárceres de menores ou, se se prefire a terminoloxía clásica, reformatórios. A maior parte deles son xestionados por entidades privadas (aspecto non banal) e funcionan con normativas ou regulamentos internos que non se publican en boletíns oficiais. Nestes centros, as funcións de control e preservación da orde está en maos de vixilantes de seguranza privada (guardas xurados) armados con porras, o que non acontece sequer nas cadeas para persoas adultas onde a orde interna é competencia de funcionarios de institucións penitenciarias.

Haverá quen pense que a dureza destas condicións ten como finalidade reeducar os menores e prepará-los para o seu regreso à vida no exterior, mais, infelizmente, esta optimista visión choca con a deriva que se observa na realidade.

Nestes momentos, a xustiza de menores, contaminada por categorías de populismo punitivo do dereito penal de maiores (como a alarma social e a actuación xurisdiccional a golpe de presión mediática), é utilizada como campo de treino para novas experiencias penais que nun futuro non lonxínco poderán ser extrapoladas aos cárceres de maiores.

Teorías radicais? *A priori* sen fundamento? Nen unha cousa nen a outra. En primeiro termo, nas cadeas de menores experimentan-se técnicas de privatización que o Estado aínda non se atreveu a aplicar nas cadeas de adultos. Técnicas privatizadoras do encarceramento que triunfan nos EUA e son, por agora, rexeitadas no discurso oficial para as cadeas de maiores, o que torna aínda máis insólito o feito de se aplicaren con toda a naturalidade nos centros de menores. E isto acontece tamén na Galiza, baixo a administración da Xunta, onde, apesar do obscurantismo reinante, hai constancia de que polo menos dous dos tres centros que existen en Ourense son xestionados por entidades privadas. O que non é, en modo algun, unha opción neutra.

Mesmo pondo de parte o principio da boa teoría *ius publicista* que subliña que o exercicio da violencia punitiva debería ser monopólio estatal, a introdución de criterios de rentabilidade en ámbitos en que se predica reiteradamente a eterna busca do beneficio do menor non parece o camiño máis axeitado. Non debemos esquecer que a privatización desta actividade crea as condicións para o florecimento de negocios prósperos e na medida en que, para o dicir en prosaica terminoloxía economicista, a oferta de servizos aspira a garantir a existencia de demanda, non é de estrañar que quen lucra con esta actividade reclame máis dureza penal contra os menores. Para que o negocio continúe a ser rendíbel, hai que asegurar a “clientela”.

Ora, se ben é verdade que a xustiza de menores converteu-se en campo de probas para a privatización da execución penitenciaria de maiores, non deixa de ser certo que tamén ela aparece contaminada por moitas das eivas da xustiza de maiores, nomeadamente no que di respecto á penalización das faltas. O que desmente a pretendida función reeducativa (función simbólica) desta xustiza dos menores e nos leva da mao a unha visión vindicativa clásica (función real).

Non é preciso ir moi lonxe para achar exemplos elocuentes desta penalización alentada pola presión mediática e o tan manuseado concepto de alarma social. Avonda con lermos os xornais dos días 4 e 5 de Novembro de 2007.

No mes de Outubro de 2007, unha pelexa de menores de idade foi gravada e difundida por telefonía móvel e o 4 de Novembro a gravación foi dada a coñecer publicamente. A partir daí xornais, noticiarios, tertulias radiofónicas, programas vespertinos que alentan o máis rancido populismo punitivo, etc. unaron os seus esforzos para facer do incidente un problema de grande alcance social, provocando un clima de histeria colectiva cuxo eixo se situou no pretendido aumento de delincuencia sádico-xuvenil.

Deste modo, o feito con relevancia penal (a pelexa, a agresión) ficou por completo desvirtuado e esa deturpación acabou condicionando a resposta legal. Cumpre subliñar que, na medida en que non constaban antecedentes dos menores implicados como perigosos “pandilleros” ou integrantes dunha banda, a resposta tiña de ser mesurada e de tipo estritamente educativo. Mais non foi así: a Fiscalía de Menores, nun xesto que delata o contaxio da xustiza que se aplica aos adultos, decretou o ingreso de dous menores, con carácter cautelar, nun centro da Coruña, cedendo á presión social criada polos medios e contrariando abertamente, senón o espírito, polo menos a letra da Lei de Responsabilidade Penal do Menor, cuxo Art. 28 estipula que a medida cautelar há de adoptarse unicamente cando existir risco de que o menor poda eludir ou obstruír a acción da xustiza ou atentar contra os bens xudiciais da vítima.

A Fiscalía, na súa nota oficial, foi escasamente convincente en relación á existencia destes parámetros alegando apenas a suposta vontade de vingar unha agresión anterior ou a presenza de outras persoas (menores e maiores). E non é ofender o sentido común afirmar que o risco de fuga era ilusorio e que o dano ao menor vítima da agresión estaba xa consumado.

Que pretendía pois a Fiscalía ao decretar este ingreso? Exemplarizar? Facer saber a un menor que o seu acto ilegal non vai ficar impune se, mesmo que sexa un feito isolado, perturba a sociedade? Calmar a angústia-alarma social xerada pola difusión do vídeo? (por certo, non consta que se tomasen medidas contra ningún dos directivos dos canais de TV que unha e outra vez reproduciron a gravación).

E se isto é así, non estaremos perante a aplicación a menores do dereito penal de maiores a que nos teñen afeitos tantos órganos xurisdiccionais?

Ao final, mesmo que sexa apenas un momento, podemos ver como a inquietante función real das normas e instrumentos punitivos acaba asomando o rabo. Ese rabo que no día a día permanece oculto atrás da menos comprometida, máis gratificadora, función simbólica. Non fechemos os ollos. Son nenas e nenos

RECOMENDACIÓN 1720 (2005).**EDUCACIÓN E RELIXIÓN**

Texto adoptado pola Asemblea do Consello de Europa o 4 de Outubro de 2005 (27ª Sesión)

1. A Asemblea Parlamentar reafirma con firmeza que as crenzas relixiosas de cada persoa, incluída a opción de non ter relixión, é una cuestión estritamente privada. No entanto, isto non é incompatible con a constatación do feito de que un bon coñecemento xeral das relixións e, por conseguinte, do sentido da tolerancia sexan indispensábeis para o exercicio da cidadanía democrática.
2. Na súa Recomendación 1396 (1999) sobre Relixion e Democracia, a Asemblea afirmava que “alguns problemas da sociedade moderna teñen componente relixiosa, por exemplo os movementos fundamentalistas intolerantes e os actos terroristas, o racismo e a xenofobia, e os conflitos étnicos.”
3. A familia desempeña un papel primordial na educación dos nenos, incluída a escolla de educación relixiosa. No entanto, en moitas familias, tende a desaparecer o coñecemento das relixións. Cada vez son máis os xovens que carecen da bagaxe necesaria para comprenderen as sociedades en que viven e aquelas con que se confrontan.
4. Os medios de comunicación –impresos e audiovisuais- poden xogar un rol informativo moi positivo. Porén, nalguns casos, sobretudo entre aqueles que se dirixen ao grande público, mostran amiúde unha lamentábel ignorancia das relixións. Así o revelan, por exemplo, a frecuente identificación entre o Islam e certos movementos fundamentalistas e radicais.
5. Política e relixión non deberían misturarse. Contodo, democracia e relixión non han de ser incompatíbeis. De feito, teñen que ser compañeiras eficaces no esforzo a favor do ben común. Resolvendo problemas sociais, as autoridades públicas poden eliminar moitas das situacións que favorecen o extremismo relixioso.
6. A educación é esencial para combater a ignorancia, os estereotipos e a incompreensión das relixións. Os gobernos tamén deberían facer máis para garantir a liberdade de conciencia e de expresión relixiosa, por estimular o ensino do feito relixioso, promover o diálogo con e entre as relixións e favorecer a expresión cultural e social das relixións.
7. A escola é unha componente fundamental da educación, da formación do espírito crítico dos futuros cidadáns e, neste sentido, do diálogo intercultural. Estabelece os alicerces do comportamento tolerante, asentado no respecto da dignidade de todas as persoas. Ensinando aos nenos a historia e a filosofía das principais relixións con rigor e obxectividade, no respecto dos valores da Convención Europea sobre Dereitos Humanos, combateremos con eficacia o fanatismo. É esencial comprender a historia dos conflitos políticos que se xustifican en nome das relixións.
8. O coñecemento das relixións forma parte do saber da historia da humanidade e das civilizacións. É por completo diferente da crenza nunha relixión concreta e da súa observancia. Mesmo naqueles países en que predomina unha relixión deben ensinar-se as orixes de todas as relixións máis do que favorecer unha delas ou facer proselitismo.
9. En Europa coexisten diferentes situacións. En xeral, os sistemas de educación –sobretudo nas escolas públicas dos países chamados laicos- non dedican bastantes recursos ao ensino das relixións, ou –en particular en países onde hai unha relixión estatal e en escolas confesionais- privilexian unha única relixión. Alguns países prohiben exhibir símbolos relixiosos nas escolas. Decisión considerada conforme à Convención Europea de Dereitos Humanos.
10. Infelizmente, en moitas partes de Europa, falta profesorado para garantir o estudo comparativo das diferentes relixións, dáí o interese de crear un instituto europeo de formación de ensinantes (polo menos de formadores de futuros ensinantes) que podería beneficiar da experiencia dos diversos institutos e facultades que en diferentes países membros da Unión levan tempo dedicados a investigación e ensino do estudo comparado das relixións.
11. O Consello de Europa asigna à educación un papel central na construción da sociedade democrática, mais o estudo das relixións nas escolas non foi aínda obxecto de atención especial.
12. Por outra parte, a Asemblea constata que as tres relixións monoteístas do Libro teñen orixes comúns (Abraham) e comparten moitos valores con outras relixións, e que eses valores están na orixe dos que defende o Consello de Europa.
13. En consecuencia, a Asemblea recomenda ao Comité de Ministros:

- 13.1. Estudarse a forma en que pode ser abordado o ensino das relixións nos niveis primario e secundario, por exemplo mediante módulos básicos que serían adaptados posteriormente aos diferentes sistemas de ensino;
- 13.2. Promover a formación inicial e continuada dos ensinantes do feito relixioso no respecto dos principios establecidos nos parágrafos anteriores;
- 13.3. Estudarse a creación dun instituto europeo de formación de ensinantes para o estudo comparativo de relixións.
- 14.A Asemblea recomenda así mesmo ao Comité de Ministros que anime os gobernos dos Estados membros a facer o posible por establecer o ensino do feito relixioso nos niveis primario e secundario da educación obrigatoria, en base aos seguintes criterios:
- 14.1. Descubrir aos alumnos as relixións que se practican nos seus propios países e nos países veciños, facer-lles ver que todas as persoas teñen o mesmo dereito de crer que a súa relixión é a “verdadeira” e que o feito de outras persoas teren outra relixión, ou non teren relixión, non as converte en seres humanos diferentes;
- 14.2. Impartir, con absoluta imparcialidade, a historia das principais relixións, así como a opción de non ter nengunha relixión;
- 14.3. Proporcionar aos xovens os instrumentos pedagóxicos que lles permitan sentir-se seguros fronte aos partidarios dunha práctica relixiosa fanática;
- 14.4. Non franquear o límite entre o cultural e o espiritual, mesmo en países con relixión estatal. Non se trata de inculcar unha fé, senón de facer comprender aos xovens por que para millóns de persoas as relixións son fontes de fé.
- 14.5. Os ensinantes de relixións deberán ter formación específica. Deberían ser ensinantes de disciplinas culturais ou literarias. No entanto, poderían facer-se cargo deste ensino especialistas doutra disciplina.
- 14.6. Corresponde ás autoridades de cada estado preocuparen-se da formación dos ensinantes e fixaren os programas, que serán adaptados ás particularidades de cada país e ás idades dos alumnos. Para o establecemento destes programas, o Consello de Europa consultará todos os colectivos afectados, incluíndo os representantes das confesións relixiosas.

ENSINO E RELIXIÓN EN EUROPA

Dos 46 Estados membros do Consello de Europa, apenas 3 teñen un sistema educativo público laico.

Nos 43 estados restantes existe ensino relixioso, opcional ou obrigatorio.

1. Ensino relixioso obrigatorio: 25 estados.
 - 1.1. Obrigación absoluta : 5 estados.[1]
 - 1.2. Posibilidade de dispensa en determinadas circunstancias: 10 estados.[2]
 - 1.3. Posibilidade de optar a un curso alternativo ao da relixión oficial: 10 estados.[3]
2. Ensino relixioso opcional: 18 estados.[4]
3. Ensino laico: 3 estados. [5]

[1] Finlandia, Grecia, Noruega, Suecia e Turquía.

[2] Austria, Chipre, Dinamarca, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Malta, Mónaco, San Marino, Reino Unido.

[3] Alemaña, Bélxica, Bósnia-Herzegovina, Lituania, Luxemburgo, os Países Baixos, Sérvia, Eslováquia e Suíza.

[4] Neste grupo figura o Estado Español xunto con Andorra, Armenia, Azerbaixán, Bulgaria, Croacia, Estonia, Xeorxia, Hungría, Italia, Letonia, Moldova, Polonia, Portugal, República Checa, Rumanía, Rusia e Ucraína.

[5] Albania, Macedonia e Franza (excepto na Alsacia e a Mosella).

ESTADO, RELIXION E PROGRAMAS ELEITORAIS

Reproducimos a seguir as propostas que sobre as relacións igrejas-estado incluíron nos seus programas eleitorais algúns dos partidos políticos que participaron nos recentes comicios: Bloque Nacionalista Galego, Chunta Aragonesista, Esquerra Republicana de Catalunya, Izquierda Unida e Partido Socialista Obrero Español. Outras formacións (Partido Popular, Partido Nacionalista Vasco ou Convergencia i Unió) non son citados por non teren incorporado nos seus programas proposta algunha referida a este asunto.

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

I.4.MÁIS FORZA PARA AVANZAR NOS DEREITOS E NAS LIBERDADES CÍVICAS E NO BENESTAR SOCIAL

Unha forte presenza do BNG en Madrid será garantía da defensa de alternativas avanzadas socialmente, prestando unha especial atención a aquelas medidas que contribúan a pór fin e corrixir as situacións de inxustiza social e desigualdade aínda existentes na nosa sociedade, así como garantir o desenvolvemento e goce dos dereitos inherentes ao libre desenvolvemento da personalidade, a mellora do benestar social e o respecto ao carácter laico do Estado español. (...)

Finalmente, o BNG defenderá o respecto á aconfesionalidade do Estado español recoñecida pola Constitución, que sitúa as crenzas relixiosas na esfera da

conciencia íntima das persoas, sen acoller a identificación de ningunha relixión coa actividade do Estado. Con este obxectivo promoverase a revisión dos acordos do Estado español coa Santa Sé, que seguen a recoñecer á Igrexa e á doutrina católicas (no ensino, no seu réxime económico e fiscal, na súa presenza nas forzas armadas e noutros servizos públicos) un rol incompatíbel coa determinación constitucional da aconfesionalidade do Estado, ao establecer uns privilexios e uns ámbitos de decisión autónomos alleos ao control dos poderes públicos.

IV.2. POLÍTICA EDUCATIVA E CULTURAL

IV.2.1 Educación non universitaria

Para o BNG, a educación é un servizo público esencial, cuxa prestación debe ser universal e gratuíta nos tramos obrigatorios e na educación infantil. Velaquí a causa de impulsarmos a concepción dun ensino público, laico e adaptado á realidade socioeconómica da Galiza e de demandarmos un considerábel incremento para a educación nos orzamentos xerais do Estado co obxectivo de acadar estes obxectivos.

CHUNTA ARAGONESISTA

ESCOLA PÚBLICA

Optar pola escola pública, laica e de calidade...



ESQUERRA REPUBLICANA DE CATALUNYA

67.6. PROPOSTAS REFERIDAS ÀS POLÍTICAS DE XESTIÓN DA CONVIVÉNCIA:

- Xestión da diversidade relixiosa e laicidade. Garantir o dereito de expresión das diferentes relixiosidades. Reafirmar a Laicidade do Estado.

80. LAICIDADE, O RESPEITO DOS DIREITOS DE LIBERDADE RELIXIOSA

O noso modelo pasa por impulsar o respecto dos dereitos de liberdade relixiosa, a convivéncia e o diálogo inter-relixioso desde a laicidade, entendida esta como separación entre as dúas realidades: o Goberno como tal no se identifica con nengunha crenza relixiosa (nen con o ateísmo ou o agnosticismo) nen entra no interior das institucións relixiosas, e nengunha crenza relixiosa (nen o ateísmo nen o agnosticismo) será difundida através das institucións.

O Estado non pode establecer nengun tipo de acción positiva na lexislación nen permitir actividades ou difusión de signo relixioso desde a esfera pública, asunto que deixará en mans das diferentes organizacións relixiosas, cooperando no ámbito da súa actividade sempre que esta cooperación non comprometa a laicidade do Estado.

A separación entre o Goberno e as confesións relixiosas permite a existéncia dun espazo onde caben todas as crenzas e todas as opcións de pensamento e de consciéncia. O noso modelo diferencia-se da laicidade francesa, que proíbe os símbolos relixiosos no espazo público, e tamén da aconfesionalidade española, que privilexia unha Igrexa determinada, a católica. A nosa laicidade é, portanto, sinónimo de respecto à pluralidade.

O modelo de Esquerra de relación institucional con as entidades relixiosas, no cadro do que antes mencionamos, basea-se no recoñecemento institucional de todas as opcións relixiosas e de pensamento e no diálogo con institucións relixiosas e doutras opcións (incluíndo o Estado do Vaticano), con todas as confesións relixiosas e con outras opcións de pensamento. E tamén en manter contacto con todas as institucións relixiosas que así o quixeren.

Propostas

- Facer as modificacións legais oportunas para eliminar do ordenamento xurídico calquer tipo de acción ou de discriminación positivas por motivos relixiosos ou calquer recoñecemento da promoción por parte das institucións e servizos públicos de calquer confesión ou acción relixiosa por calquer meio. Criar unha comisión parlamentar para estudar estas medidas, establecer mecanismos que garantan o seu cumprimento e, se for preciso, propor novas medidas para dar cumprimento à aconfesionalidade do Estado.
- Instar o Goberno do Estado a revisar os Acordos entre a Santa Sé e o Estado español de 1979, que obrigan a ofrecer relixión católica, e, se for preciso, instar tamén ao Estado a revisar os acordos subscritos no ano 1992 con federacións de entidades representativas, respectivamente, das confesións evanxélica, islámica e xudía.
- Impulsar a reforma da lexislación de maneira que os nosos gobernos formen parte dos órganos do ámbito estatal que teñan atribuídas funcións en materia de entidades relixiosas, e, en especial, no Consello Asesor de Liberdade Relixiosa.
- Impulsar a reforma da lexislación que determinará a participación territorial na xestión do Rexisto de Entidades Relixiosas en relación con as entidades que cumpren a súa actividade en cada un dos territorios, de maneira que permita o máximo poder de decisión aos nosos gobernos, propondo ao mesmo tempo de entrada a descentralización do Rexisto e a súa xestión exclusiva por parte dos gobernos autónomos, que terían que comunicar ao Estado as inscricións efectuadas.

- Esixir que o Estado proporcione os recursos económicos necesarios para podermos executar, no ámbito das nosas competencias estatutárias, os acordos asinados entre o Estado e as confesións (Art. 161, c, no cadro do Estatuto de Cataluña)

IZQUIERDA UNIDA

5.4.2. SOBRE LAICISMO

Desde IU denunciámos as presións que as institucións católicas están realizando sobre o Estado, rexeitamos o tratamento de favor que reciben e propomos a adopción de medidas de reforma que poñan fin à imposición na vida pública dunha moral integrista, e que aseguren a radical división entre Estado e relixión. Estas serían as medidas:

- Regulación do dereito à apostasía.
- Elaboración dun Protocolo de uso das administracións para a celebración de cerimoniais civís, de maneira que poda consolidar-se un “ritual civil” alternativo ao relixioso.
- Lei de Crenzas Relixiosas, que consagre o principio de separación Estado-igreja, que asegure o financiamento privado das Igrexas no noso país e que ofereza igualdade de oportunidades às diferentes confesións relixiosas consolidadas no noso país.
- Izquierda Unida promoverá con carácter inmediato a revisión dos acordos con a Igrexa Católica asinados nesta pasada lexislatura polo Partido Socialista.
- Denuncia dos Acordos con o Vaticano de 1979, con a conseguinte supresión dos beneficios fiscais para a Igrexa Católica, que deberá procurar o seu autofinanciamento sen acudir às arcas públicas.
- Regulación dunha lei de prazos para a interrupción da gravidez, cesando por antidemocráticas as campañas de acoso a quen exercita un dereito legalmente reconecido.
- Regulación da eutanásia, propiciando un debate social que permita reformar unha lexislación restritiva a fin de reconecer a existencia do dereito à disponibilidad da propia vida, con as condicións e cautelas que se requeren.
- Supresión da relixión como materia de obrigatoria impartición polos centros escolares. A neutralidade do ámbito educativo é incompatible con o adoutramento relixioso. As aportacións públicas à educación non serán compatibles con idearios que non respeten os valores constitucionais.

PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

LIBERDADE RELIXIOSA E LAICIDADE: IGUALDADE DE DIREITOS PERANTE O FEITO RELIXIOSO

O PSOE promocionará activamente a separación entre Igrexa e Estado, e a neutralidade do Estado para con as crenzas, relixiosas ou non, dos seus cidadáns. Sen que a cooperación con as confesións relixiosas derive en fórmulas confesionais ou a falta de cooperación en discriminación negativa do relixioso. Con ese compromiso, abordará as seguintes políticas e actuacións:

- A modificación do Código Penal no relativo à liberdade de consciencia, equiparando a protección de todas as conviccións, con independencia do seu carácter relixioso ou non.
- No impulso da participación nas políticas de integración e coesión social, así como nos programas de desenvolvemento da Alianza de Civilizacións, incorporará-se tamén às confesións relixiosas.
- O PSOE promoverá, decorridos trinta anos de vixencia da Lei Orgánica de Liberdade Relixiosa, unha reflexión orientada, no seu caso, e con amplo consenso, a valorar a posíbel modificación daqueles aspectos da norma par a mellor garantía da liberdade e o pluralismo relixioso na España do futuro, así como da aconfesionalidade e laicidade do Estado e a non discriminación por razón de crenzas, de acordo con os valores e principios constitucionais.
- Os socialistas valoramos a contribución das confesións à deliberación pública nas sociedades democráticas, ao seu desenvolvemento ético e cultural, mais este contributo debe entender-se sempre subordinado à soberanía das institucións democráticas, ao império da lei e, en definitivo, à vontade cidadá maioritaria



INXÚRIAS E MAUS TRATOS AO EXÉRCITO

O pasado 3 de Febreiro celebrou-se no Xulgado do Penal número dous de Pontevedra o xuízo contra tres mozos antimilitaristas para quen a Fiscalía solicitava penas dun ano de prisión e multas de 6.570 euros polos delitos de “inxúrias e maus tratos às Forzas Armadas”.

Segundo a acusación pública, Antia Marinho, Anjo Torres e Alexandre Rios formaban parte dun grupo de persoas que no mes de Xuño de 2006 se concentrara no paseo de Montero Rios desta capital, onde a Brigada de Infantería Lixeira Aerotransportábel (Brilat), desenvolvía diversos actos de conmemoración do seu 37 aniversario, para protestar contra este acto que consideraban como “un dispositivo de captación de mozos”. As persoas ali concentradas, despois de corearen lemas anti-militaristas, asperxiron pintura rosa sobre un posto da Brigada.

MULTA POR NON “MANTER A ORDE”

Por outra parte, a Subdelegación do goberno español de Pontevedra sancionou con 600 euros cada unha das tres persoas que convocaran, en nome de Causa Galiza, a manifestación que o pasado 6 de Decembro percorreu as ruas de Vigo contra a Constitución española e a favor da autodeterminación de Galiza. A multa foi imposta por “non manter a orde na manifestación” e “permitir” a queima dunha imaxe de Juan Carlos de Borbón.

GOTEO IMPARÁVEL

O 5 de Febreiro o xornal La Región informou da morte de Francisco D.R., de 35 anos, no Centro penitenciario de Pereiro de Aguiar (Ourense) onde extinguía condena. O preso fora encontrado en estado comatoso na súa cela e, aínda que o persoal sanitario do centro tentou reanimá-lo, os esforzos resultaron infrutuosos.

O 11 de Febreiro o xornal La Voz de Galicia, informou dunha nova morte en prisión. Esta vez foi no penal da Lama (Pontevedra) e o preso apareceu enforcado na cela. Na mesma noticia dava-se conta dunha terceira morte, acontecida días atrás, tamén no centro penitenciario da Lama. Desta última non se proporcionava máis información.

Tres mortes nas cadeas da Galiza, nunha semana, son moitas mortes. E temos razóns para temer que estas sexan apenas de que nos chega información, a punta do iceberg.

Asusta comprobar como a nosa sociedade pode pasar por alto estas cifras arrepiantes, aceptar que nas cadeas morran persoas por suicidio ou falta de atención médica adecuada, algunhas en fase terminal de longas doenzas irreversíbeis, como se iso fose a cousa máis natural. Se non lemos acriticamente e sen interese a información das mortes producidas por accidentes laborais, se non ollamos para outro lado cando vemos medrar o número de vítimas da violencia doméstica, por qué actuamos con tanta indiferenza cando se trata de mortes de persoas que están sob custódia do Estado? Por qué non esiximos a evidente responsabilidade da Administración Penitenciaria e da súa máxima hierarxa, a Directora Xeral, Sra. Gallizo?

Hai tempo, Iñaki Rivera Beiras, profesor da Universidade Autónoma de Barcelona, categorizou o estado dos dereitos fundamentais dos presos como un estado “devaliado”. Deu no alvo.

DENUNCIANTE DENUNCIADO

O Presidente de PreSOS Galiza, Fran del Buey, foi imputado por un suposto delito de denuncia falsa (Art. 456.1.2 do CP) e falso testemuño (Art. 458 do CP) a raíz da querela apresentada contra el por axentes da policía municipal de Compostela.

A querela ten a súa orixe nos feitos acontecidos na Rua de San Pedro desa cidade a noite do 30 de Decembro de 2004, cando unha discusión entre o condutor dun vehículo e un viandante desembocou nunha actuación inxustificadamente violenta dos axentes municipais que acudiron ao lugar. Fran del Buey, ao ver que os axentes imobilizaban, alxemaban e deitaban no chao o viandante, dirixiu-se a eles para os instar a non o agredir. A súa intervención foi apoiada por varias persoas presentes no lugar máis os axentes contestaron con ameazas, o que levou o Presidente de PreSOS Galiza a presentar denuncia contra eles no Xulgado de Instrución de Compostela. Despois dun xuízo que a Comisión de Denuncia de Galiza califica de irregular, os axentes resultaron absolvidos e presentaron à súa vez querela contra Fran del Buey.

DETENCIÓN EN LONDRES

Despois de participaren na *Cuarta Conferencia Internacional sobre a UE, Turquía e os Curdos*, celebrada os días 3 e 4 de Decembro en Bruxelas, Gustavo Garcia –advogado membro de EsCULCA- e Mahmut Colak, tamén participante na Conferencia, viaxaron a Londres onde foron retidos

durante mais de tres horas por axentes da policía metropolitana na estación de King Cross.

Ambos foron submetidos, por separado, a un intenso interrogatorio en aplicación da Lei Anti-terrorista do ano 2000, nun procedemento denominado *Examination* (privación de liberdade prévia à detención daquelas persoas “que son, ou foron, encargadas da comisión, preparación ou instigamento de actos de terrorismo”).

“O interrogatorio, mui exhaustivo sobre todos os aspectos da nosa vida profesional e persoal, centrava-se no meu caso en coñecer os aspectos sobre os que versara a Conferencia de Burxelas. Rexistaron todas as nosas pertenzas e, folla por folla, todos os documentos que había na bagaxe, fundamentalmente os documentos da conferencia. Perante as nosas obxeccións a que fose ocupada e fotocopiada toda esa documentación, fixo-se-me saber que “se deliberadamente unha persoa se nega a cumprir algun dos requisitos, pode ser imputado segundo o Parágrafo 18(1) do Apartado 7 da Lei Anti-terrorista 2000”, afirma Gustavo García.

“Entre os requisitos cuxo incumprimento podería ser sancionado estaba o de facilitar toda a documentación que pedise o axente e toda a información que solicitase (tamén me copiaron toda a axenda do telefone móvel, facendo unha cópia da ficha, solicitaron o meu enderezo electrónico para acederen ao mesmo, etc.). Eu tiña moita documentación facilitada na conferencia e outra relacionada con a cuestión curda. Os únicos documentos que levaron para fotocopiar e que o axente seleccionou entre os outros foron: o programa da conferencia, as resolucións finais e a relación de participantes na mesma, para alén do relatório de Abdullah Oçalam “Proposal for a solution to the Kurdish Question in Turkey”.

Apesar de tratar-se de unha actividade “completamente irreprochável”, denuncia Gustavo García, “fomos privados de dereitos elementares à privacidade de datos e comunicacións e da propia liberdade durante mais de tres horas de interrogatorio, aínda que fixemos valer desde o primeiro momento perante a policía de que tipo de conferencia se tratava, avalada polo Parlamento Europeo, e de quen eran os seus patrocinadores, Desmond Tutu, Norman Mailer, etc.

DIREITO À LIBERDADE DE CULTO

No ano 2005, dous axentes da Guarda Civil de Córdoba solicitaron a retirada do cuartel de Almodóvar do Río dunha imaxe da virxe do Pilar por entenderen que a exposición de símbolos relixiosos en edificios públicos impregna de significado relixioso as persoas que prestan servizo neles.

Nun primeiro momento, os axentes solicitaron a retirada da imaxe ao sarxento comandante de Almodóvar del Río, que desestimou a petición argumentando que se tratava da patroa do corpo. Despois dirixiron-se a mandos superiores, que nen

sequer contestaron a súa solicitude. Mais tarde elevaron a súa petición ao Director Xeral, Joan Mesquida, respaldados por un informe do Valedor, petición que foi desestimada pola Secretaria Xeral de Seguranza.

Agora os dous axentes recorrerán esta decisión perante os tribunais superiores de xustiza de Andalucía e Madrid por consideraren “ilóxico e contrario à lei” que os seus recursos sexan contestados novamente pola Secretaria Xeral que xa anteriormente os desestimara.

Entenden os demandantes que debería ter sido o propio responsable do ministerio de Interior quen respondese a súa solicitude, mais Alfredo Pérez Rubalcaba, afirman, adoptou a “mesma atitude” que o Director Xeral da Policía e da Guarda Civil, Joan Mesquida. Ambos “obviaron a nosa solicitude e delegaron noutros órganos administrativos para evitaren pronunciar-se sobre o asunto”.

Por outra parte, non é esta a primeira vez que os axentes deparan con problemas para exercer o dereito à liberdade de conciencia. Xa anteriormente tiveran de denunciar o bispado castrense por este pór obstáculos à súa decisión de apostatar.

IGREXA E PATRIMÓNIO HISTÓRICO



Hai agora un ano, a Plataforma en Defensa do Património Navarro (*Altzafaylla Kultur Taldea*) denunciou o que entendía era un expólio de bens patrimoniais públicos perpetrado pola Diocese de Iruñea, denuncia que levou numerosos concellos navarros a emprenderen accións para evitar a privatización do patrimonio histórico colectivo e ao propio Parlamento a convocar un pleno para debater o asunto.

A Plataforma pede que se examinen as escrituracións que realizou a Diocese en Nafarroa desde o ano 1998 e se estude a posíbel inconstitucionalidade destas inscricións, tal como avalan algúns sentenzas do Tribunal Supremo. Tamén solicita información sobre os dereitos históricos das comunidades sobre estes bens móbiles e imóveis privatizados pola igrexa católica e as obrigas que o propio Parlamento pode ter na defensa dese patrimonio, así como a as compras, cesións, permutas, compromisos, etc. que o Goberno de Nafarroa pode ter realizado con a hierarquía da católica estes últimos anos.

O ÚLTIMO DA FILA

Na sede na Asociación de Prensa de Madrid, tivo lugar o pasado 22 de Xaneiro un debate sobre o acceso à información que obra en poder das institucións. O foro estaba organizado pola Coalición Pro Acceso à Información Pública e nel participaron Brigitte Alfter, correspondente en

Bruxelas do xornal dinamarqués *Information*, Helen Darbshire, directora executiva de *Acces Info* en Europa, Soledad Gallego, xornalista de *El País*, Manuel Sánchez, profesor de Dereito Constitucional da Universidade Complutense de Madrid e Eva Moraga, avogada de *Acces Info*.

A Coalición, formada por 18 organizacións da sociedade civil e por persoas interesadas nos dereitos humanos, traballa para conseguir que se regule este dereito no Estado español, un dos dous estados da UE con mais dun millón de habitantes, o outro é Grecia, que carece de lei de acceso á información pública.

“Nalguns países do noso contorno –salientan- calquer persoa pode solicitar con unha simples chamada telefónica, a listaxe de todos os contratos realizados por un organismo público durante un determinado período de tempo e a Administración está obrigada a contestar de forma inmediata ou nun prazo non superior a 14 días como média. Que acontece pois no Estado español –preguntan-se- para que esta situación pareza utópica ou de ciencia ficción? Por qué no Estado español para conseguir os poucos documentos a que o público ten acceso é preciso esperar como mínimo 3 meses?”

“Países europeos como Roménia, Bulgária, Alemaña, Franza, e tamén outros de fóra de Europa como México ou Arménia, xestionan o acceso à información pública de forma mais rápida”, subliña Darbshire, responsábel de *Acces Info*. “No mundo existen 76 leis deste tipo e o Consello de Europa está organizando unha convención sobre acceso à información cuxas recomendacións” -afirma- “serán vinculantes”.

Para mais información sobre como usar as leis de acceso à información, pode consultar-se o portal da xornalista Brigitte Alfter, Coordinadora de *Farmsubsidy.org*, www.wobbing.eu.

FERRAMENTA DE CONTROLO

Por outra parte tres importantes organizacións que traballan no ámbito internacional - Intermón Oxfam, Amnistía Internacional e Greenpeace- presentaron o pasado 30 de Xaneiro un “decálogo” con as propostas que, na súa opinión, deberían centrar a axenda política de 2008 e os programas dos partidos políticos que concorrian às pasadas eleccións.

Nestas dez peticións incluían-se compromisos contra a mudanza climática, iniciativas reais de luta contra a pobreza e unha reforma radical da política migratoria para garantir o respecto dos dereitos humanos.

Ora, a mellor ferramenta para regular o cumprimento destes compromisos e a actividade do Goberno en xeral, afirmaron os representantes das tres asociacións, sería unha Lei de Acceso à Información Pública, iniciativa que demandan para garantir o acceso libre de todas as persoas aos documentos que permitan controlar a actividade dos responsábeis políticos.

XORNADAS EN BARCELONA

Os días 4 e 6 de Febreiro, tiveron lugar, en Barcelona, unhas xornadas sobre a prevención da tortura no Estado español que se estruturaron à volta destes tres eixos principais:

1. Seguimento e comprobación do grao de cumprimento das recomendacións internacionais, efectuadas ao Estado español, polo Relator Especial para a Cuestión da Tortura, polo Comité para a Prevención da Tortura do Consello de Europa, así como pola propia Coordinadora para a Prevención da Tortura, despois dos debates realizados, hai agora dous anos, na mesma cidade de Barcelona.

Para iso, contou-se con a presenza do ex relator especial da ONU para a cuestión da tortura -Theo van Boven- e do presidente do Comité Europeo para a Prevención da Tortura -Mauro Palma-. Xunto eles estiveron Esteban Beltrán -Presidente da Sección Española de Amnistía Internacional-, Lluís Domingo -Presidenta da Comisión de Defensa de DD.HH. do Coléxio de Advogados de Barcelona, e Jorge del Cura en representación da Coordinadora para a Prevención da Tortura,

2. Apresentação das conclusións da investigación, comprensiva dos anos 2001-2006, que sob o título “Privación de Liberdade e Directos Humanos. A tortura e outras formas de violencia institucional no Estado español”, foi liderada polo Observatori del Sistema Penal e Drets Humans da Universidade de Barcelona.

Nesta ocasión, estiveron presentes o Luigi Ferrajoli, Mauro Palma, Emilio Ginés (representante do Estado español no Comité Europeo para a Prevención da Tortura) e Jorge del Cura, así como os coordinadores da Investigación, Iñaki Rivera, Francisca Cano e Roberto Bergalli.

3. Celebración dun encontro con representantes dos partidos políticos con representación no Parlamento español, ao que acudiron responsábeis do Partit dels Socialistes de Catalunya, Esquerra Republicana de Catalunya, Convergència i Unió e Iniciativa per Catalunya. Non acudiu, apesar de ter sido convidado, nengun representante do Partido Popular de Catalunya.

No decurso das xornadas, a Coordinadora para a Prevención da Tortura apresentou un adiamento do que será o seu próximo relatório sobre a situación da tortura no Estado español.

Os tres actos, que tiveron grande afluencia de público e alta participación nos debates, permiten tirar as seguintes conclusións:

- Non hai vontade política para erradicar e/ou prevenir a tortura no Estado español
- O rexime de detención incomunicada continua a ser unha das grandes preocupacións dos organismos internacionais encargados de velar pola defensa dos Dereitos Humanos.
- O número de denuncias por tortura e/ou maus tratos continua aumentando ano tras ano: no avance do Relatório correspondiente a 2007, recollen-se, provisoriamente, 720 denuncias persoais, o que supón un 8% mais en relación con as denuncias recollidas no relatório do ano anterior, destacando de forma especial as denuncias formuladas contra os Mossos d'Esquadra: 173 denuncias, o que representa un 231% mais que o ano anterior.

O feito de as xornadas se celebraren en Catalunya e ser esta a nación onde se coñeceu un maior número de denuncias (173 persoas denunciaron ter sido agredidas no 2007), así como o importante aumento experimentado polas denuncias apresentadas contra a Policía Autónoma (128, fronte a 55 no ano anterior), deu lugar a unha nota do Departament d'Interior da Generalitat negando estes datos e afirmando que “só” se incoaran 65 dilixencias prévias contra os Mossos d'Esquadra por torturas e/ou maus tratos.

Paradoxalmente, trata-se de un número notavelmente superior ao que figura no avance do relatório da Coordinadora, onde constan 29 situacións concretas con 128 denunciante. Se, como afirma a propia Generalitat, o número de dilixencias ascende a 65, teremos de concluir que o número de persoas prexudicadas foi en realidade muito mais elevado que o que adiantou a Coordinadora.

MACRO-SUMÁRIO 18/98

A Iniciativa de Observación Internacional sobre o Proceso 18/98, colectivo de xuristas de diferentes ámbitos e asociacións, entre elas EsCULCA, que acompañou desde a fase de instrución o devenir do chamado Macro-Sumário 18/98, fixo público o pasado 6 de Febreiro un extenso relatório en que se recompila e avalía a información recollida ao longo de todo o proceso.

O Relatório incluí tamén unha análise pormenorizada da sentenza emitida o 19 de Decembro de 2007 pola Sección Terceira da Sala do Penal da Audiencia Nacional e un apartado final en que se resumen as conclusións a que chegou a comisión e que nós a seguir reproducimos.

Conclusións

1. A instrución do caso 18/98 realizou-se con vulneración de dereitos fundamentais das persoas, con utilización do segredo das actuacións de forma desproporcionada, recorrendo ao rexime de detención incomunicada,

xerando-se alarmantes denuncias de torturas e maus tratos e con abuso das medidas cautelares, tanto no que di respecto ao aseguramento das persoas -prisión preventiva, fianzas astronómicas...- como à suspensión de actividades políticas, sociais, mercantis... con especial relevo na clausura do xornal Egin e a emisora Egin Irradia, depositarios principais ambos do dereito à liberdade de expresión.

2. A acusación mantida polo xuíz instructor, Baltasar Garzón, basea-se nunha particular interpretación da realidade histórica, política e social do movemento independentista vasco, unicamente explicábel en termos de prioridade política e do interese mediático que revestiron as súas actuacións. Esta teoría abriu-se paso na Audiencia Nacional a custo da inhabilitación dos maxistrados da Sección 4ª que non compartían a súa interpretación dos feitos e consideraban a súa teoría “carente de fundamento racional”.
3. O tratamento dispensado às persoas procesadas durante a celebración do xuízo, que se prolongou por un período de 16 meses, con a obrigaçión de se trasladaren a dependencias da Audiencia Nacional e permaneceren nela durante todas as sesións, xerou un custo físico e anímico que podería considerar-se como mínimo unha condena sen sentenza.
4. A falta de igualdade de armas entre a acusación e a defensa no decurso da vista é contrária a dereito. O Tribunal desprezou o traballo das defensas, dificultou o seu acceso às probas e documentos e rexeitou todas as súas propostas e protestas. O caos que imperou no xuízo é atribuído así mesmo às defensas, acusadas de “non cooperaren con o tribunal”. O dereito à defensa foi seriamente posto en causa.
5. A falta de concreción na definición dos feitos supostamente delitivos e na individualización das acusacións contravén esencialmente as bases dun estado de dereito, polas que unha persoa imputada debe sé-lo por unha conduta criminal concreta contra a que poda defender-se. A invocación a tipos penais ambíguos e a súa aplicación de forma expansiva contradi o principio de legalidade.
6. A prova pericial practicada por membros das Forzas de Seguranza do Estado obriga a reclamar a ineficácia da mesma, pola súa falta de carácter científico e de neutralidade esixidas pola norma para este tipo de probas.
7. O Tribunal concede plena validez a declaracións das persoas imputadas apesar de estas denunciaren que esas declaracións foron feitas sob a presión da tortura, sen ordenar a investigación eficaz deste extremo que podería supor a ineficácia da prova por vulneración de dereitos fundamentais.

8. A estrutura da sentenza é contrária à lóxica e à norma ao identificar a conclusión e despois procurar as probas que podan fundamentar esa conclusión. Mais aínda, a valoración destas probas polo Tribunal está isenta do rigor esixíbel.
9. A sentenza mostra a vontade de perseguir actividades sociais, políticas, culturais, comunicativas e xornalísticas públicas e transparentes. Esta “sentenza de confrontación” marca un antes e un despois no devir da expresión democrática, pois establece que a intencionalidade política, a motivación ideolóxica, é suficiente para considerar un delito de terrorismo. Abre-se camiño ao delito de “terrorismo desarmado” ou “terrorismo pacífico”, figuras até agora consideradas unicamente como unha hipótese de laboratorio.
10. As altas penas impostas mostran o carácter exemplarizante da sentenza e a súa execución inmediata -se ben a defensa mostrou a súa vontade de esgotar todas as vías de recurso- situa-a en chave de resposta política. Esta sentenza é amostra palpábel da verdadeira función encomendada à Audiencia Nacional, como tribunal excepcional por razón da materia -actividades de profunda raíz política-, e por motivo da excepcionalidade na interpretación e aplicación inaudita do dereito penal. Esta sentenza é evidencia de que non estamos perante un acto de investigación de feitos e emisión de xustiza, senón perante unha tentativa de dotar de aparencia xurídica unha decisión política.



Iniciativa Internacional de Xuristas contra a
Criminalización de Ideas en Euskal Herria
Barcelona, 6 de Febreiro de 2008.

5.000 DÓLARES O PRESO

A Asociación británica *Reprieve*, que ofrece asistencia letrada gratuita aos prisioneiros de Guantánamo, deu a coñecer no mes de Xaneiro o seu relatório *The Journey to Death*, onde denuncian que algúns dos 744 presos que pasaron polo centro de detención ilegal nen sequer foron capturados polas tropas estado-unidenses, senón que os mercaron en Afganistán e Paquistán por un prezo de 5.000 dólares (3.000 euros).

“É o caso de Shaker Aamer, detido en Paquistán no 2002 e ‘vendido’ aos norteamericanos”, revela o documento, “Aamer, pai de catro fillos con nacionalidade británica, xa coñecera antes a tortura”, pois estivera nun cárcere de Kabul, despois en Bagram e máis tarde en Kandahar, onde “foi golpeado e obrigado a permanecer desperto durante días”.

Segundo a *Reprieve*, “a súa é apenas máis unha historia entre os numerosos dramas de Guantánamo”.

No seu relatório, a asociación humanitaria pon nome e cara a 728 dos 744 presos e afirma que todos os vóos partiron de Europa cara a Guantánamo pasando por Portugal, quer fose para facer escala, quer para atravesar o seu espazo aéreo. Ao mesmo tempo, suxere que a implicación española na operación é maior do que se recoñeceu cando o escándalo chegou aos medios de comunicación através das informacións aparecidas no Diario de Mallorca.

De feito, *Reprieve* afirma que houvo polo menos catro vóos que fixeron escala ou partiron directamente dalgun aeroporto español. Dous con gobernos do Partido Popular (que terían chegado a enviar policía a Guantánamo) e outros dous con o goberno do Partido Socialista Obrero Español, que mostrou o seu “rexeitamento tallante e rotundo” (ver o xornal *20 Minutos* do 8.06.2006) cando o Consello de Europa fixo público o seu propio relatório implicando os gobernos españois neste tráfico ilegal.

O mesmo aconteceu na Gran Bretaña. Nun primeiro momento, o goberno Blair desmentiu categoricamente as acusacións da *Reprieve* mais finalmente un inquérito parlamentar acabou confirmando a súa veracidade.

“Verificou-se agora que os desmentidos categóricos feitos no Reino Unido afinal não valiam rigorosamente nada. Como não valiam os desmentidos de denúncias anteriores, como a das prisões secretas, que o Presidente Bush em Setembro de 2006 veio a admitir. Isto só demonstra que é preciso investigar. Foi o que o Parlamento britânico fez, num inquérito de resto baseado num relatório daquela organização, a *Reprieve*, que recentemente publicou um relatório sobre Portugal.”, denuncia Ana Gomes, deputada no Parlamento Europeo, unha das persoas que máis traballou para o esclarecemento dos feitos.

A información ofrecida polo relatório, afirma, “Resulta do cruzamento de una lista com voos de e para Guantánamo - na maior parte militares e que passaram pelo territorio nacional - com as listas divulgadas pelo Governo norteamericano com as datas das transferências dos prisioneiros de Guantánamo. Esses voos só podiam ter passado com autorização dos ministérios dos Estrangeiros e da Defesa. A lista não foi fornecida nem à Assembleia da República, nem ao Parlamento Europeo (PE) pelo Governo, apesar de repetidamente pedida por mim, mas foi obtida e foi entregue por mim ao PE. Esses voos não passaram apenas por Portugal, naturalmente. Vieram de Espanha, de Itália. No PE dedicámo-nos também à investigação na Alemanha, na Suécia, na Grã-Bretanha. A diferença é que aqui [refere-se a Portugal] houve uma vontade de obstruir a investigação.”.

Fortress Europe, *Fuite de Tripoli. Rapport sur les conditions des migrants de passage en Libye.*

“As mortes no deserto e no canal de Sicília, as torturas e as violências sexuais nos centros de retención financiados por Itália, as deportacións ao Saara, as expulsións colectivas, o repatriamento dos refuxiados en vóos pagados por Roma, as deportacións desde Lampedusa, os homicídios nas comisarias, os abusos dos *passeurs* e os ataques racistas en Trípoli. Todo o que non se debe saber sobre o país ao que Itália e a UE confían o control das fronteiras do Sul, a véspera da instalación dos controlos da Frontex en Líbia no ano 2008, cando as expulsións serán a regra”, así comeza o Relatorio que Fortress Europe (Observatorio das vítimas das migracións) fixo público a finais do pasado ano.

Fortress Europe lembra que xa en 2004 a Misión Técnica da UE en Líbia alertara sobre os arrestos arbitrarios, as expulsións colectivas e os maus tratos a que eran submetidas as persoas migrantes. Denuncias rapidamente abafadas por intereses económicos e diplomáticos: “Itália e a UE buscan en Trípoli un aliado para a súa propia guerra contra a inmigración clandestina. Trátase de unha xogada que incluí a rehabilitación internacional de Líbia e a exportación de hidrocarburos. Para comprobalo basta con ler a prensa de Outubro de 2004. O día 8 Trípoli declara haber deportado ao deserto do Níxer no mes de Setembro unhas 5.000 persoas inmigradas. O mesmo día ten lugar a inauguración do metanoducto entre Mellita e Gena, en Sicília, e o que era na altura primeiro ministro, Silvio Berlusconi, declara: “Para mim e para Itália, Muamar Qaddafi é un grande amigo, un líder da liberdade”. Tres días despois, o 11 de Outubro, a UE levanta o embargo que pesava sobre Trípoli. As denuncias do relatório da Comisión chegaron tarde e foron rapidamente esquecidas”. O mesmo que aconteceu con os dous estudos independentes que en 2006 publicaron *Afria* e *Human Rights Watch* confirmando estes abusos.

E agora Fortress Europe retoma estas denuncias, descrevendo polo miúdo no seu Relatorio a situación nos centros de retención, a violencia exercida contra as mulleres, os homicídios nas comisarias, a práctica de traballos forzados, as expulsións ilegais, etc. E acompañando a descrición das duras circunstancias que suportan estas persoas con unha documentada información sobre a actuación da UE e o relato de testemuñas presenciais.

S		
		APRESENTACIÓN 1 ...
U		ESCALA 2 ...
		ANÁLISES E RELATÓRIOS 7 ...
M		DOCUMENTOS 3 ...
		BREVES 11 ...
A		BIBLIOTECA 16 ...
R		
I		
O		
C		
O		
L		
A		
B		
		Pilar Allengue
		Fernando Blanco
		Pedro Bouso Cedrón
		Justo G. Beramendi
		José Ángel Brandariz
		Tony Bunyan
		Pepe Carreiro
		Marc Carrillo
		Xoan Cons
		Gustavo García
		Valentín García
		Pablo González Mariñas
		Ben Hayes
		Ánxel Huete
		Manuel Janeiro
		Héctor López de Castro
		Celso López-Pazos
		Ramón L. Suevos
		Fernando Lousada
		Arochena
		Gustavo Luca de Tena
		Xaquín Marín
		Fernando M. Randulfe
		Miguel Anxo Murado
		García
		Guillermo Presa
		Anxo Quintela
		X. A. Ramos
		Elvira Souro
		Roch Tassé
		José Luis Torrente
		Vítor Vaqueiro
		Valeiras
		Suso Sanmartim